

PALABRAS DE INAUGURACIÓN DA XORNADA SOBRE O REXISTRO DE COOPERATIVAS DE GALICIA

Dona María COUTINHO VILLANUEVA
Subdirectora Xeral de Cooperativas
Xunta de Galicia

Ilmo. Sr. Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Sr. Encargado Provincial do Rexistro de Cooperativas de Pontevedra, Sr. Director da Xornada, Sres., Sras. asistentes, é para min especialmente grato participar na inauguración deste foro de reflexión no cal expertos profesionais tentarán ofrecer ós asistentes unha visión global do Regulamento do Rexistro de Cooperativas (aprobado polo Decreto 430/2001, de 18 de decembro) e onde tamén se fará unha análise do Regulamento aprobado por Real Decreto 136/2002, de 1 de febreiro, do Regulamento estatal (BOE 15 de febreiro 2002).

É para min especialmente satisfactorio porque participei nos traballos de elaboración deste Regulamento, que veu a continuar co necesario desenvolvemento regulamentario que por imperativo legal tiña a Administración a obriga de levar a cabo.

A Lei Galega de Cooperativas entrou en vigor o primeiro de marzo de 1999 e nela contéplanse a elaboración de normas que completen aqueles aspectos, que debido ás súas características, o lexislador reservou para un posterior tratamento regulamentario, facéndose polo tanto necesario, no relativo á materia rexistral, o desenvolvemento da organización e funcionamento do Rexistro de Cooperativas.

Os traballos de elaboración deste Regulamento caracterizáronse por dúas notas fundamentais:

Por unha banda, a súa complexidade técnica derivada do encaixe dun rexistro xurídico nunha estrutura administrativa, e pola outra, o carácter altamente participativo que estivo presente en todo o proceso de elaboración.

Quero aproveitar a ocasión que me brinda esta Mesa para recoñecer publicamente a contribución enriquecedora na redacción final deste regulamento dos Encargados dos Rexistros provinciais, de rexistradores mercantís, prestixiosos avogados en exercicio e auditores con acreditada solvencia, así

como a aportación de asesores xurídicos da Consellería e catedráticos e profesores do Departamento de Dereito Mercantil da Universidade de Santiago.

Así mesmo o proceso tamén se enriqueceu polas aportacións feitas polas asociacións de cooperativas no trámite de consultas e por ende polos informes do Consello Galego de Cooperativas e do Consello Consultivo na súa tramitación interna, en definitiva que a elaboración da norma caracterizouse por ser altamente participativa.

A idea foi a de facer un instrumento para a prestación eficaz dun servizo público que resultaba necesario tanto para as propias cooperativas como para terceiros e interesados en xeral, e se tentou de elaborar un texto que confluíse coa práctica consolidada do Rexistro Mercantil, tendo en conta que as sociedades cooperativas operan no mesmo mercado que as sociedades mercantís tradicionais.

Un dos relatorios da Xornada versará sobre o proceso de adaptación das cooperativas galegas á Lei Galega de Cooperativas, que sen dúbida o seu relator exporá con detalle e clarificará aspectos. É de salientar que polo que respecta a aquelas cooperativas ás que lle correspondeu adaptarse no primeiro dos prazos o devandito proceso estase a levar a cabo con normalidade nos Rexistros de Cooperativas, a pesar de que esta tarefa supón un considerable aumento da carga de traballo non só pola cualificación dos estatutos que se adaptan senón tamén pola función encomendada, por primeira vez, ós Rexistros de Cooperativas dos procedementos de habilitación e legalización dos libros sociais obrigatorios e do depósito de contas anuais, supoñendo todo isto un grande esforzo que Administración tentará cumprir coa maior dispoñibilidade e eficacia posible.

Sen máis, agradecer á Universidade de Vigo, en concreto á súa Área de Dereito Mercantil, a posta en marcha desta iniciativa que contribuirá a dar a coñecer esta norma de recente entrada en vigor, e que polo tanto necesita ser explicada en profundidade, de aí a importancia de actividades como a presente que igual que noutras ocasións a Universidade xunto coa Consellería colaboran en actividades formativas de promoción do cooperativismo, tales como cursos de posgrao ou módulos formativos, Seminarios ou Xornadas como a presente e que tan bos resultados están acadando.

Tan só me queda expresar o meu desexo de que esta xornada sexa o máis fructífera posible, que sen dúbida tendo en conta o conxunto de relatores o será.